

ACTA A GAVELA 20 MAIO 2018

Árbore-Vigo

Aisisten:

J. Ramón, Xaquín, Antía, Cris, Eduardo, Estela, Xavi, Hector, Uxío, Daniel, Diana,

- 1-Encontro estatal de Spgs (Antía)
- 2-Mercadiños A Gavela.
- 3-Páxina web. Actualización
- 4-Follas de visita de elaborados. Quedaron aprobados os criterios-Daniel
- 5-Autoclave-Antía-Non houbo interese.
- 6-Calendario de visitas. Concretar.
- 7-Artellamento de axuda mútua na web
- 8-Base de datos cooperación con outros spgs.
- 9-Avaliaición sobre a situación actual da Gavela
- 10-Contas

1.-Informa Antía sobre o encontro estatal de spgs.

-Ecofeminismo. Tratouse este tema. Propúxose facer un grupo de traballo sobre o tema con representantes de cada spg. Non hai persoa interesada na Gavela para esta función e non é un tema, en principio, prioritario para o ns grupo.

- Intercambio de produtos. No Drive hai un enlace ao mapeo de spgs e aos documentos. Que teña interese no intercambio pode consultalos

-Comisión que elabore uns criterios mínimos comúns entre todos os spgs. Precisamos un membro que colabore nunha comisión conxunta para ese traballo, ofrécese Cris. Os noso criterios xa están no Drive compartido cos spgs.

-Próximo encontro en Granada

2.-Mercadiños A Gavela.

-Diana Explica a idea de turnarse nun posto compartido da Gavela. Xa hai tres persoas que asistirán aos encontros do Toxo: Diana, Daniel e Hector. Están a espera de ser admitidos. Terían que pagar unha cota como socixs de 20 € anuais.

-Estela comenta que xa hai varixs produtrxs da Gavela que están asistindo ao encontro de Catro Ponlas:Estela, Cris, Xacobe. Poñen posto de xeito individual. Hai unha pregunta sobre isto: por que non o fan como grupo da Gavela que sería o seu e unha maneira de dar a coñecer o selo. Non se concreta se o van facer doutro xeito.

Estela fala de encargar un selo para poñer nas saquetas de papel.

-Mercadiño o 27 de maio no Ecolectivo. Poráse un posto da Gavela:

Diana,Daniel, Cris, Estela, Xavi, Hector e Antía

Acórdase:

- Estar tres persoas na mesa servindo.
- Hector organiza folla de calculo para as contas.

- Diana ocúpase da loxística da mesa: báscula, loneta, dípticos
- Estela encárgase de levar o selo para as saquetas de papel
- Levar as pegatinas que haxa, que teña.
- Para que non haxa competencia nos prezos acórdase facer un listado do que leva cada produtor/a e unificar os prezos dos produtos comúns.
 - Diana levará: leituga, faba,ceboleta, espinaca, remolacha
 - Xavier: fabas, acelgas
 - Cris. Fabas, espárragos ecelgas
 - Antía: Espinaca de Nova zelanda e hortigas. Plnatel e planta, rabanitos e mezclun
 - Hector: Amorodos

Prezos acordados:
 fabas: 4€ Kilo
 espinaca:6€ kilo
 acelga: 4€ kilo

3-Páxina web.

Daniel ofrécese para manter a páxina actualizada dependendo das aportacions da xente. Hector pasoulle os contrasinais.

Subir o cartel do mercado no ecolectivo

Colgar as follas de visita do ano pasado que faltan. Cada grupo que se encargue de enviarllas a Daniel.

Daniel sube os contidos, pero non se encarga de elaboralos, así que para subir o que queiramos enviarllo polo fío compartido.

4-Folla de visita de elaborados presentada por Daniel.

Aprobase e a folla de elaborados súbese á páxina.

5-Autoclave-Antía-Non houbo interese neste tema. Non se trata.

6-Calendario de visitas.

Hector propón: que haxa unha persoa que amadriñe o grupo e que esta función se rote cada ano. Tería o encargo de recopilar as follas de visita e mandarllas a Daniel para subilas á Web. Organizar a visita do seu grupo, o calendario e a coordinación.

Queda así:

Val Miñor -Vigo :Diana

Morrazo:Hector

Condado:Antín

Redondela-Uggio

Recordase que teñen que estar feitas en setembro.Antes da próxima asemblea.

7-Artellamento de axuda mútua na web

Daniel subiu á páxina web no espazo "membros" unha táboa onde cadaquen pode apuntar as súas

necesidades e ofrecementos.
Darlle uso.

8-Base de datos para colaborar con outros spgs xa está feito no Drive.

Uggio informa de que pediron axuda un grupo da Coruña: Labrega Natura http://labrega.narede.gl/_movil/quen-somos.html

Queren construír un spg .Atendéronos Uggio e Xacobe. Teñen idea de facer unhas xornadas ás que estaremos convidadxs.

Xorde a idea de poñerse en contacto con outros spgs galegos.

Acordamos:

Facer un convite aos spgs galegos para a asemblea_festa de setembro.

De 11:00 a 14:00 asemblea e despois do xantar posta en común cos outros spgs convidados

Encárgase Uggio de facer o convite.

Data de asemblea-festa setembro domingo 23.

Preguntamos no Ecolectivo se nos deixa o espazo.

9-Avaliación sobre a situación actual da Gavela

-Avaliación da Gavela queda pendente para a asemblea de setembro, para ir adiantando acordamos facer unha rolda de intervencións cunha breve valoración persoal.

Saen os seguintes puntos de análise:

-Funcionalidade práctica do selo.

-Escasa produción.

-Dificultade de poñer en marcha moitas cousas sinxelas (mercados...)

-Deixadez, falta de compromiso.

-Onde está a diferenza entre spg e Craega cara a xente externa que o que quere é consumir ecolóxico. Como demostrar (analítica?) que os produtos cumpren.

-Divulgación. Publicidade.

-Falta de presenza nas redes sociais....pero imos ben...

-Lentitude no proceso .Pouco avance práctico tras cinco anos. Falta de mans, ilusión.

-visibilidade.

-Falta de repercusión, social e política (proponse unha entrevista coa conselleira.)

-Revisar obxectivos de A Gavela

10-Contas

150€ na última xuntanza (despois do pago da viaxe a Antía e das aportacións de cotas)

pasaron as contas de Sen esquencer = 24 € que pagou Diana

Saldo: 126€

Hai membros que non pagaron a cota deste ano.

-Rogos e preguntas e próxima xuntanza.

Ferramentas de comunicación. A rolda. Guasap.

Acordase: crear un grupo de guasap de A Gavela coas seguintes condicións:

.Só para cuestións puntuais e comúns da Gavela

.Administrado por todxs

.Só aberto de 9 a 11

.Nada de agricultura, nin eventos, só cuestións internas.

Data de proba experimental: ata a asemblea de setembro onde se valorará a súa continuidade.

Seguir coa rolda compartida como medio polo que se comunica o fundamental e que afecta a todas.

Asembleas, actas, participación en eventos concretos, outros spgs...

Daniel revisará a rolda de saramaganta para repasar o do peso dos correos que van de volta.

Próxima xuntanza domingo 23 de setembro no Ecolectivo (se non pode ser aí na de Cris o u Diana, concretarase. Será unha asemblea festiva de todo o día, con xantar común e á que estarán convidados outros spgs galegos.